

BANDO SOBRE A RECOLLIDA DE RESIDUOS

COLECTORES



MATERIA ORGÁNICA (VERDE). O LIXO HAI QUE DEPOSITALO DENTRO DUNHA BOLSA, NUNCA SOLTO. Restos orgánicos (todo aquilo que vén dos seres vivos), papel ou cartón manchado de graxa (cartón de pizza, panos de mocos), panos de mesa de papel etc.

NON BOTAR: envases de plástico ou de vidro, latas e bricks, pilas ou papel e cartón limpos.



AZUL. Podes botar, xornais e revistas, cadernos (sen argolas, grampas nin arames), papel de envolver ou de embalar, caixas de cartón, cartóns de ovos, acolchado de embalaxes (cando sexa de papel ou cartón) ou libros.

NON BOTAR: papeis de calco, cartóns de leite, de zume e viño nin papel e cartón con restos de graxa.



IGLÚ VERDE: Podes botar botellas de vidro, frascos de vidro, tarros e botes de vidro. **OLLO:** sempre sen tapas, tapóns ou cortizas.

NON BOTAR: lámpadas, vasos e copas de cristal, tapas, tapóns e cortizas, tarros e botellas de medicamentos, vidros especiais: parabrisas, pantallas de televisión, espellos etc.



MATERIA INORGÁNICA (TAPA AMARELA). Para todo o resto que non se pode botar nos anteriores: material de hixiene (cueiros, compresas...), botellas de plástico destinadas a albergar líquidos (aceites vexetais, refrescos, augas minerais, leite), botes de plástico grosso que conteñan produtos de aseo ou limpeza (xel de baño, xampú, lavalouzas, suavizante etc), latas de bebidas e de conservas, bricks de leite, viño ou zumes de froitas, bandexas de poliexpán ou cortiza branca, redes de envoltorios de froitas ou verduras, plásticos filme: plástico para envolver, bolsas de plástico, envases de manteiga e iogures, envases mixtos distintos aos briks tales como bolsas de aperitivos, envases de bolería industrial etc.

NON BOTAR: dispositivos electrónicos, CD ou DVD.

SERVIZOS DE RECOLLIDA POR TODO O MUNICIPIO

IMPORTANTE: sacar os residuos no día anterior á recollida pola noite. Non sacalos ao exterior varios días antes.



RECOLLIDA DE OBXECTOS VOLUMINOSOS: chamar á planta de reciclaxe de Servia (981191240; 639107638). Depositálos xunto aos colectores do lixo o día sinalado.



RECOLLIDA DE RESIDUOS ELECTRÓNICOS: chamar ao Concello de Rois para indicar que residuos hai que recoller (981804109). A recollida realízase o 3º martes de cada mes porta a porta, pero **É NECESARIO** dar aviso no Concello.



RECOLLIDA DE ACEITE DE COCIÑA: depositar o aceite usado en envases de plástico. Hai 3 colectores situados en Samil (Oín), na Calle (Urdilde) e no Sisto (Ribasar).



MINIPUNTOS LIMPOS: recollida de pilas, móbiles, CD, DVD, lámpadas de baixo consumo, cartuchos de tinta para impresoras, batería de móbiles e aparellos electrónicos. Para cada un destes produtos hai depósitos independentes situados na parte superior do colector. Hai 2 colectores situados en Samil (Oín) e na Calle (Urdilde).

**AXÚDANOS A MANTER O NOSO CONCELLO LIMPO.
SE VES ALGÚN VERTEDOIRO INCONTROLADO, CHAMA AO CONCELLO.
SE VES UNHA PERSOA TIRANDO LIXO EN LUGARES NON HABILITADOS,
DENUNCIA OS FEITOS. NON PERMITAS QUE ROIS DEIXE DE SER
“UN LUGAR EN VERDE, UN LUGAR ONDE VIVIR”.
TERMOS ROIS LIMPO É COUSA DE TOD@S!**

Rois, 5 de agosto de 2020

O alcalde

Ramón Tojo Lens